

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS NAS FESTAS E VERBENAS POPULARES DAS DISTINTAS PARROQUIAS, PONTE DA CONSTITUCIÓN, NADAL, ENTROIDO E SEMANA SANTA NO ANO 2024**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000186**

Visto o Decreto 598/2023 de data 04 de decembro de 2023 no que se reolveu:

“AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS NAS FESTAS E VERBENAS POPULARES DAS DISTINTAS PARROQUIAS, PONTE DA CONSTITUCIÓN, NADAL, ENTROIDO E SEMANA SANTA.

### RESOLVO:


**Primeiro.-** Ampliar dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos sitos en cada parroquia do Concello , así como a finalización dos espectáculos públicos e de actividades recreativas, para as datas de celebración das festas e verbenas patronais correspondentes a cada unha delas.

**Segundo.-** Ampliar dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal de Carral abertos ao público, así como a finalización dos espectáculos públicos e de actividades recreativas durante as ponte da Constitución (días 6, 7 e 8 de decembro), Nadal (dos días 24, 25 e 31 de decembro, 1, 5 e 6 de xaneiro), Entroido e festivos de Semana Santa.

**Segundo.-** Dar publicidade deste decreto coa súa exposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello.

**Terceiro.-** Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre. (...)”

Tendo en conta a necesidade de concretar os establecementos abertos ao público, actividades recreativas e espectáculos públicos nos que ao amparo do artigo 5 f da Lei 10/20217, do 27 de decembro en relación co artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas, preténdese ampliar horario de peche, polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Modificar e concretar o decreto indicado nos considerandos resolvendo:

- a) Ampliar, para o ano 2024, unha hora e media o horario de peche dos establecementos cafeterías, bares e pubs, sitios nas parroquias deste termo municipal durante a celebración das festas e verbenas patronais correspondentes a cada unha delas incluíndo a Festa do Pan na parroquia de Santo Estevo de Paleo.
- b) Ampliar, para o ano 2024, unha hora e media o horario de peche dos establecementos cafeterías, bares e pubs do termo municipal abertos ao público durante ponte da Constitución (días 6 e 7 de decembro), Nadal (dos días 24, 25 e 31 de decembro, 1, 5 e 6 de xaneiro), Entroido e festivos de Semana Santa nos temos sinalados na Orde 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas

**SEGUNDO.-** Dar publicidade deste decreto coa súa exposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello.

**TERCEIRO.-** Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ